

Voces de Queempostela

Folleto Mensual
de Información

Nº10, Febreiro-1997

Editado polo
Colectivo Gai de
Compostela

22-F: o CGC en Madrid

O pasado 22 de febreiro tivo lugar en Madrid a manifestación unitaria de todos os colectivos de transexuais,lésbicas e gais do Estado Español baixo o lema conxunto: "Hai que parar a homofobia!". Membros do CGC, portando unha pancarta propia, desprazaron-se até esa cidade española para manifestar presencialmente o apoio do colectivo aos actos convocados e ao manifesto lido ao final da manifestación. Esta partiu ás 18:30 da coñecida Porta de Alcalá e finalizou máis dunha hora despois cunha concentración para a lectura do manifesto. Horas máis tarde, a partir das 23:30, celebrou-se unha gran festa reivindicativa nunha concorrida discoteca gai madrileña. Segundo a prensa, @s manifestantes que se lanzaron ás ruas de Madrid o 22-F foron máis de 4.000. Por outra banda, o día anterior á manifestación o CGC difundira na prensa un comunicado no que se reproducía o manifesto unitario que había ser lido o día seguinte reafirmando, ademais, o apoio do colectivo ao mesmo. No comunicado tamén se facía un chamamento aos gais e ás lesbianas galeg@s, e á sociedade en xeral, para manifestaren visibelmente o seu apoio aos actos convocados.

Continua a preparación do Shomos'13

Con novas colaboracións e máis reportaxes, a Comisión do Voceiro segue a traballar na redacción e maquetación do próximo número de inverno. O deseño da portada correrá ao cargo de Xoán Anleo, que presentará ademais unha poesía visual. Ademais das seccións habituais, este número do S'homos incluírá dúas reportaxes de actualidade. Unha delas centrará-se

nos feitos acontecidos no parque de Méndez Núñez, na Coruña. A Comisión de Voceiro espera subsanar os erros do número anterior e, ademais, ten pensado aumentar o número e tamaño de fotos por páxina. No que respecta á publicidade tamén se conta con novidades: maior número de anuncios para acadar un mellor financiamento da revista e unha maior variedade na oferta publicitaria. En xeral, a comisión xa ten fixados os diferentes contidos da revista e ten prevista a súa publicación para mediados do vindeiro mes de marzo. Se queres enviar os teus anuncios -xa sabes que son de balde- aínda estás a tempo!

Retrasa-se a festa

Debido á gran cantidade de traballo nas diferentes comisións, sobre todo por mor da manifestación do 22-F, a Comisión de Actos Lúdicos e Culturais tivo que retrasar a festa programada para finais deste mes de febreiro. Aínda sen concretar o local onde se ha de fecer, pensa-se agora no día 5 de marzo para a súa celebración. Ademais da organización do xa popular xogo das mensaxes, conta-se polo de agora coa actuación de Visiosa Aghrú. A confirmación da data e lugar da festa será comunicada aos sócios por correo e, en xeral, mediante un comunicado de prensa.

Ordenación do arquivo xornalístico.

Nos últimos días un grupo de voluntarios do CGC comezou a ordenar todos os recortes de prensa e todas as reportaxes de revistas recompiladas polo colectivo nos últimos anos. O volume deste material é considerábel e até o de agora estaba totalmente desordenado. Coa intención de facilitar o seu almacenado e a porterior consulta

por parte da cidadanía, iniciou-se unha ordenación temática dos numerosos artigos e reportaxes. Asimesmo, isto facilitará a entrada e arquivaxe no local de máis material xornalístico. Se tes artigos ou reportaxes de calquer publicación sobre a homosexualidade non dubides en enviar-lle-los ao grupo de traballo, xa sexa o orixinal ou unha fotocópia. Tamén, se che interesa ter o material recompilado polo CGC sobre unha cuestión en concreto, só tes que escribir ao apartado ou pasar polo local para conseguires cópias.

Máis subvencións: por pedir que non quede!

O CGC volverá solicitar nos vindeiros días a subvención da Dirección Xeral de Política Lingüística para financiar a publicación da revista S'homos. Habitualmente, esta sección administrativa da Xunta concede-lle ao CGC unha pequena cantidade de diñeiro por promocionar o uso do galego coa publicación do S'homos. O ano pasado a cantidade da subvención ascendeu ás 75.000 pts., hoxano espera-se recibir unha axuda similar. Por outra banda, o CGC pensa solicitar subvencións á Deputación de Pontevedra, tal e como fixo días atrás á Deputación da Coruña, en concepto de gastos de mantemento e mellora dos servizos da asociación. Se sabes doutras convocatorias de subvencións, non dubides en escribir ao apartado ou pasar polo local aportando, se pode ser, unha cópia dos formulários.

Homoenquisa'97

As diferentes comisións de traballo do CGC elaboraron un formulario de enquisa dirixido a [tod@s @shomosexuais -gais, lesbianas e bisexuais- residentes na Galiza](mailto:tod@s@shomosexuais-gais,lesbianasebisexuais-residentesnaGaliza). O obxectivo desta enquisa é a de coñecer mellor a realidade na que viven [@shomosexuais galeg@s](mailto:shomosexuaisgaleg@s), as súas necesidades e as súas inxedanzas. O cuestionario conta con máis de corenta ítems no que se preguntan desde ideas políticas ou relixiosas até hábitos no sexo ou no lecer. Por suposto, a información recollida nas enquisas será totalmente confidencial e só se farán públicos os

resultados de conxunto. Os cuestionarios pensan-se repartir non só entre os sócios do CGC, senón tamén entre todas as persoas próximas ao colectivo. Tamén se han repartir os cuestionarios en festas, tertulias, etc.. todo ao longo deste ano. Se queres cópias para as repartir entre amig@s e/ou coñecid@s escribe ao apartado ou pasa polo local indicando cantas queres. Cantos máis cuestionarios se enchan, máis representativos serán os datos obtidos na enquisa. Se queres asegurar de todos xeitos o anonimato das tuas respostas, podes enviar o teu cuestionario ao apartado sen indicares o remitente.

Grupo de autoapoio en Lugo!

O CGC recebeu hai uns días unha carta do Comité Cidadán-Anti-Sida de Lugo no que se anunciaba a posta en funcionamento no seo desta asociación dun grupo de autoapoio para gais e lesbianas. O nome do devandito grupo é GALEGA: Grupo de Autoapoio de Lesbianas e Gais. O grupo nace en principio cunha vocación provincial e coa intención de dar e recadar información sobre as lésbicas e gais lucenses. Polo de agora xa contan cunha liña telefónica: 982-244560/extensión 1. O seu enderezo postal é o seguinte: GALEGA, apartado de correos 665, 27001 Lugo. Desde aquí desexamos-lles ás nosas compañeiras e compañeiros lucenses toda a sorte no desenvolvemento do seu labor de axuda e información.



Xa sabes....
escribe-nos ao Apdo. 191
15780 Compostela
ou...
visita-nos na Rúa Entremuros, nº16, Baixo,
de luns a xoves a partir das 20:30